

## I CONCURSO DE EPITAFIOS “AO PÉ DA MORTE” DO IES BREAMO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en colaboración co Equipo de Biblioteca e Vicedirección, convoca á comunidade educativa do IES Breamo a participar no I certame de epitafios “Ao pé da morte”, de acordo coas bases que a continuación se especifican.

### BASES

1. Poderá participar no concurso **todo o alumnado** do centro que así o desexar.
2. O **prazo** de entrega rematará o día 28 de outubro.
3. A **lingua** na que estarán escritos os epitafios será o galego, en calquera das súas normas ortográficas.
4. A **temática** é libre, pero non se aceptarán aqueles que teñan un contido ofensivo.
5. Cada participante poderá presentar un **máximo de dous epitafios** que sexan orixinais e inéditos.
6. O **formato** será o dunha cartolina tamaño DIN A4 onde as persoas participantes poderán desenvolver toda a súa creatividade artística.
7. Os traballos presentaranse **na conserxería**, até as 14.00 horas do día 28 de outubro. Alí farase a inscrición e outorgaráselle un número a cada participante. Cada epitafio irá marcado unicamente cun adhesivo que indique o número de participación.
8. O **Xurado** estará composto por profesorado e/ou PAS do centro. Será o encargado de resolver calquera incidencia que puidese xurdir e poderá, no seu caso, declarar deserto o concurso se considerar que as obras non teñen a calidade suficiente.
9. Establécense dúas **categorías**: categoría A (alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO), categoría B (alumnado de 4º de ESO e Bacharelato).
10. Haberá un **premio** en cada categoría (**2 entradas para o cine**). No caso de que algunha das categorías non acade premio por falta de participación ou calidade dos traballos presentados, poderá adxudicarse un segundo premio a outra categoría.
11. O resultado do concurso será comunicado directamente ás persoas interesadas despois do fallo do xurado.
12. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

